

PLAN ANUAL DE CONVIVENCIA E BENESTAR

**CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO
VALCÁRCEL
CURSO 2023 – 2024**

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN	2
2. OBXECTIVOS XERAIS	3
3. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DO PLAN DE CONVIVENCIA E IGUALDADE	4
4. RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E ESPACIAIS	7
5. ORGANIZACIÓN DOS VOLUNTARIOS	9
6. AVALIACIÓN	10

1. XUSTIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN

No seguinte documento, recóllense os obxectivos, as propostas e as liñas de actuación básicas do Equipo de Convivencia e Benestar para o curso académico 2023-2024.

No preámbulo do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, defínese a convivencia escolar coma a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

En consonancia co expresado na nomeada *Lei 4/2011*: Sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon a disposición do alumnado e, por tanto, das familias. É necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa - nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado.

Así mesmo, a vixente lei educativa *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, LOMLOE* expón no seu Art.124 que *os centros elaborarán un plan de convivencia [...] que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento con arreglo á normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de*

conflictos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación. Porén, cómpre concretar de maneira específica neste Plan Anual, todas aquelas actividades que se facilitarán para concretar o nomeado Plan de Convivencia.

Por último, tendo en conta a existencia da nova figura da coordinadora de convivencia e benestar que se designa na *Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia dos centros docentes de Galicia*, desenvolverá os obxectivos para a súa persoa desenvolto no Art.3 da mesma orde.

2. OBXECTIVOS XERAIS

No Art. 12 do *Decreto 8/2015* establécense uns obxectivos de carácter xeral sobre o Plan de Convivencia.

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

- b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

- c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia, á adquisición das competencias.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras.

3. OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DO PLAN DE CONVIVENCIA E IGUALDADE

En relación aos obxectivos expostos no **Plan de Convivencia**, deséñanse unhas liñas concretas para seguir neste presente curso 2023-2024.

1. Uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser, polo menos, escoitados e contrastados.

- Accións concretas: Continuidade do Consello da Infancia.

2. A posta en práctica da aprendizaxe cooperativa, fronte á competitiva e á individualista.

- Accións concretas: Continuidade do PFPP do curso 2022/2023 sobre metodoloxías activas e aprendizaxe cooperativa. O aprendido será empregado polo profesorado asistente nas súas respectivas aulas.

3. A afirmación da dignidade das persoas, favorecendo a súa autoestima e a autoconfianza.

- Accións concretas: instalación dun punto de "Páxinas amarelas" onde o alumnado poderá solicitar ou ofrecer pequenos "voluntariados" sobre aquilo que precisan ou se lles da ben. Establecerase un punto de encontro e autoxestionarase coa axuda do profesorado do centro. Esta medida poderá realizarse unha vez se leve a cabo o "punto laranxa" establecido no novo Protocolo de Acoso e Ciberacoso, que será a prioridade do equipo de convivencia.

4. Establecemento de normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.

- Accións concretas: escolla de delegadas/os nas titorías, realización de asembleas, Consello da Infancia, debates...

5. Afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais e sociais.

6. A implicación das partes na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente.

7. A xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...

- Accións concretas para os obxectivos 5, 6 e 7: Para a dinamización da convivencia no patio do recreo, créanse as figuras de mediadoras e mediadores de conflitos, arbitraje dos deportes de pista, responsables de carriños de material e patrullas ecolóxicas. Estas/es serán formados pola Coordinadora de Benestar e Convivencia, así como polo Coordinador do Equipo de Medio Ambiente durante as sesións lectivas. Asemade, deseñarse e poñerase en funcionamento o nomeado "punto laranxa" para evitar situacións de acoso escolar, tal e como recomenda o recente Protocolo de Acoso e Ciberacoso, publicado pola Xunta de Galicia.

Por outro lado, no relativo ao **Plan de Igualdade**, concréntanse as seguintes actuacións para o curso 2023/2024:

1. Examinar os contidos e materiais utilizados dentro do proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas, anular modelos femininos, etc.

- Accións concretas: cuestionar o que nos ofrecen os libros de texto dende as titorías, educar dende o espírito crítico, actualizar o catálogo da Biblioteca escolar para contar con máis recursos que inviten a eliminar os estereotipos de xénero e educar na igualdade etc.

2. Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no espazo educativo observando as condutas, actitudes, a linguaxe, percepcións e roles masculinos e femininos, a vida profesional, as súas expectativas de futuro, etc.

- Accións concretas: Créanse as figuras de mediadoras e mediadores de conflitos e dos deportes de pista, Estas/es serán formados pola Coordinadora de Benestar e Convivencia, terán entre as súas funcións velar pola equidade no patio do recreo e na pista, durante a realización dos distintos deportes. Procurar que todas e todos se sintan incluídos, teñan a oportunidade de xogar, non se sintan excluídos por calquera motivo e, especificamente, por motivos de xénero.

3. Impulsar o empoderamento da muller introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos, fomentando a participación das alumnas cuestionando os modelos tradicionais das relacións de xénero dentro do espazo educativo.

- Accións concretas: tomando como referencia o PDI do centro "todas e todos temos unha historia que contar", propoñeranse actividades para dar voz a referentes femininas de todo tipo.

4. Intervir para o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade.

- Accións concretas: Entre as propostas, destaca a obra realizada nos baños para garantir que sexan mixtos e verdadeiramente inclusivos así como diversas formacións a alumnado e familias en materia de convivencia e igualdade.

5. Fomentar os valores como tolerancia, respecto, colaboración, igualdade, a través de actividades onde os nenos e nenas experimentan distintos roles, cambiar as xerarquías existentes na sociedade por outras non estereotipadas e debatidas nos grupos de traballo cos alumnos e alumnas.

- Accións concretas: esencialmente nas titorías (atribución de roles de todo tipo nas tarefas de aula, delegados e delegadas, roles de mando independentemente do xénero...).

4. RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E ESPACIAIS

Dentro dos recursos persoais, destácase a constitución e creación do novo Equipo de Convivencia e Benestar escolar, constituído por:

- Olalla Sande (titora de 6ºB, EI; secretaria do centro).
- Eva María López Díaz (Orientadora do centro)

- Cristina Gómez Villaverde (Mestra especialista PROA +)
- María del Carmen Pardo Lale (titora 3ºB, EP)
- Nerea Paz Sar (titora 4ºA, EI)
- Sara Parga Pérez (titora 6ºB, EP; coordinadora do equipo).

Dentro do equipo, prímase a diversidade e pluralidade no relativo aos distintas responsabilidades dentro do centro e que exista, asemade, unha representación de todos os ciclos de primaria.

O Equipo reunirase de xeito mensual. De maneira ordinaria, cada luns ás 16:30. Non obstante, realizaranse xuntanzas extraordinarias de ser necesario.

Asemade, prímase a coordinación co resto de Equipos de Dinamización do centro. Por exemplo, co equipo de Biblioteca e TIC: Suxerenzas de material de alfabetización informacional e mediática para o traballo da convivencia escolar. Tamén para bancos de libros, películas, revistas... sobre temáticas variadas (dereitos humanos, colectivo LGTBIQ+, diversidade, feminismo...). Por outro lado, tamén existirá unha colaboración estreita co Equipo de Dinamización da Lingua Galega para diversos materiais ou propostas de actividades.

Cómpre destacar, dentro dos recursos persoais, ao noso alumnado voluntario:

- 3º e 4º de primaria: voluntariado na responsabilidade dos carriños de material.
- 5º e 6º de primaria: mediación no patio do recreo e arbitraje en pista.

Por outro lado, débese considerar parte dos recursos persoais ao conxunto da comunidade educativa: persoal docente, non docente, familias, alumnado, equipo directivo... posto que a convivencia é un asunto "por e dende" a comunidade educativa.

Asemade, dentro dos **recursos materiais e espaciais** contamos con:

- Espazo da calma na segunda planta do centro.
- Espazo de convivencia na sala de mestres.
- Espazo na cortiza principal do centro.
- Espazo "punto laranxa".
- Materiais de xogo para o patio do recreo: carriños, caixas, pelotas, zancos...
- Materiais funxibles: para diversas manualidades, carteis...
- Materiais non funxibles: A web do centro, Canvas informativos, presentacións...
- Chalecos para identificar aos voluntarios/as xunto con chifres para arbitrase.

5. ORGANIZACIÓN DOS VOLUNTARIOS

- Voluntarias e voluntarios de carriños e material

Este alumnado será de 3º e 4º de educación primaria. Durante os 10 primeiros minutos do recreo, levarán un chaleco de cor amarela para seren identificados e anotarán nunha lista aquel material que precisen os nenos e nenas que saian ao patio do recreo. Ao inicio de curso fíxose un cotexo do material dispoñible e sobre o estado no que se atopaba para, posteriormente, crear unha lista onde levar unha anotación do que se emprega e en que estado se devolve.

Deste modo, o alumnado de 3º sempre será apoiado polo de 4º. En todas as quendas prímase a existencia dunha parella internivel.

- Voluntarias e voluntarios de mediación

Este alumnado pertence ao 3º ciclo de educación primaria. Previa formación coa coordinadora de convivencia ao inicio de trimestre, desenvólvense os grupos de mediación no patio do recreo. Levarán un chaleco de cor laranxa para a súa distinción.

Trátase de parellas ou grupos de voluntarios/as que priman un ambiente de convivencia positivo, axudando a soster e xestionar os distintos conflitos que poden

ir xurdindo no patio do recreo. Cómpre resaltar que -en todo caso- baixo a cooperación absoluta co profesorado de garda e a propia coordinadora de convivencia.

- Voluntarias e voluntarios de arbitraje

Este alumnado pertence ao 3º ciclo de educación primaria. Previa formación coa coordinadora de convivencia ao inicio de trimestre, desenvólvense os grupos de arbitraje na pista do recreo. Levarán un chaleco de cor rosa para a súa distinción, xunto cun chifro.

O seu obxectivo é velar porque se cumpran as normas de xogo dos distintos deportes, favorecer a unha inclusión e equidade do conxunto participante e a un ambiente de convivencia positiva na competición deportiva.

6. AVALIACIÓN

Cómpre salientar a importancia da avaliación neste tipo de Plan, posto que todas as accións realizadas son -e deben ser- susceptibles de ser melloradas para incrementar a satisfacción e o bo ambiente no centro.

Para o alumnado:

- Trasládase enquisa de convivencia anual.
- O alumnado voluntario realizará unha xuntanza mensual coa coordinadora de convivencia para valorar os progresos e dificultades; priorizando a busca de solucións. Esta avaliación terá un carácter mais cualitativo e farase de xeito oral.
- Enquisas de satisfacción, autoavaliacións, coavaliacións... dentro das propias materias e cos distintos especialistas, en relación co PAT (Plan de Acción Titorial).

Para o profesorado:

- Trasládase enquisa de convivencia anual.
- Tras as diversas formacións, actividades e coloquios en materia de convivencia, farase unha enquisa de satisfacción.

Para o persoal non docente:

- Trasládase enquisa de convivencia anual.

Para as familias:

- Trasládase enquisa de convivencia anual.
- Tras as diversas formacións, actividades e coloquios en materia de convivencia, farase unha enquisa de satisfacción.